

#### Artigo 4. *Ensinanzas de posgrao e liñas de investigación.*

Nos centros universitarios da defensa poderanse impartir tamén estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de posgrao, nas modalidades de mestrado e de doutor. Así mesmo, definiranse e desenvolveranse liñas de investigación que se consideren de interese para as Forzas Armadas e para a paz, a seguranza e a defensa, colaborando, se procede, con outras entidades e organismos públicos de ensino e investigación.

#### Artigo 5. *Financiamento.*

Os centros universitarios da defensa disporán de orzamento propio financiado con cargo ao capítulo 4, transferencias correntes, e ao capítulo 7, transferencias de capital, do orzamento do Ministerio de Defensa. Así mesmo, financiaranse coas subvencións que, conforme a lexislación vixente, se lles poidan outorgar, os remanentes de Tesouraría e outros ingresos calquera percibidos no exercicio das súas actividades.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia exclusiva que, en materia de defensa e Forzas Armadas, ten atribuída o Estado, conforme o artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución española.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións considere necesarias para a execución e o desenvolvemento deste real decreto.

#### Disposición derradeira terceira. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Economía e Facenda realizará as modificacións orzamentarias precisas para lle dar cumprimento ao previsto neste real decreto, mediante a correspondente reasignación dos créditos contidos nos orzamentos ordinarios do Ministerio de Defensa sen que, en ningún caso, esta reasignación poida supoñer incremento do gasto público.

#### Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,

CARME CHACÓN PIQUERAS

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**18498** *ORDE EHA/3291/2008, do 7 de novembro, pola que se establece o procedemento de comunicación polas entidades financeiras depositarias de bens mobles e saldos abandonados.* («BOE» 277, do 17-11-2008.)

A Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, atribúelle á Administración xeral do Estado a titularidade de valores, diñeiro e demais bens mobles en que concorran as condicións legais para a súa cualificación como bens incursos en abandono, de modo idéntico á anterior Lei de patrimonio do Estado, de 1964.

No artigo 18.3 da actual norma establécese que a Caixa Xeral de Depósitos e as entidades financeiras depositarias deberanlle comunicar a este ministerio a existencia de tales depósitos e saldos, na forma que se determine por orde do ministro titular do departamento.

A lei reclama, polo tanto, unha nova regulación sobre as actuacións que lles competen ás citadas entidades, que substitúa o tacitamente derogado Real decreto lei do 24 de xaneiro de 1928 e a Orde do Ministerio de Facenda do 8 de xuño de 1968.

Neste sentido, a nova regulación non varía substancialmente as premisas da anterior normativa, ben que se recollen algunhas novidades que pretenden facilitar o cumprimento das obrigas das entidades financeiras, ao mesmo tempo que se introducen medidas que garantan a efectividade da xestión que nesta materia se lle atribúe a este departamento, en colaboración coas ditas entidades.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas de acordo co Consello de Estado:

#### Artigo 1. *Declaracións.*

1. A comunicación a que se refire o artigo 18.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, que lle deben efectuar ao Ministerio de Economía e Facenda as entidades de crédito, empresas de servizos de investimento ou calquera outra entidade financeira que teña baixo a súa custodia depósitos de valores, en diante entidades declarantes, será unha declaración única por cada entidade, que se presentará dentro do primeiro trimestre natural do ano na Delegación de Economía e Facenda onde radique a súa sede social, e comprenderá os saldos, depósitos e bens mobles abandonados existentes en calquera das súas oficinas ou sucursais que operen no territorio nacional, sobre os cales se cumprisen o prazo e as circunstancias establecidas no artigo 18.1 da Lei 33/2003 dentro do exercicio anterior.

Cando non existan os saldos, depósitos e bens mobles abandonados, abondará cunha comunicación que poña en coñecemento da Delegación de Economía e Facenda esta circunstancia.

2. Cando se trate dunha entidade de crédito ou dunha empresa de servizos de investimento procedente dun Estado membro da Unión Europea que opera en España a través dunha sucursal, presentará a declaración na Delegación de Economía e Facenda onde teña o domicilio a súa oficina principal en España.

3. Por petición formulada pola entidade depositaria ante a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e logo de autorización desta, a comunicación poderá ser presen-

tada nunha Delegación de Economía e Facenda distinta á sinalada, ou no Rexistro Electrónico do Ministerio de Economía e Facenda, cumprindo, neste caso, as condicións de admisibilidade, de acreditación de identidade e especificacións que establece a orde reguladora do dito Rexistro Electrónico. A autorización producirá efectos en exercicios sucesivos, mentres non sexa revogada.

4. As delegacións de Economía e Facenda remitirán unha copia de cada declaración presentada á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

#### Artigo 2. *Estrutura e contido das declaracións.*

1. A declaración desagregarase en tres epígrafes, que relacionarán, respectivamente, os depósitos e contas correntes en efectivo, os valores e os bens mobles.

A epígrafe relativa a depósitos e contas correntes en efectivo recollerá os seguintes datos sobre estes: número do depósito ou conta; nome e apelidos do depositante; data da última operación en conta ou, no seu defecto, data de constitución do depósito e o importe actual do saldo.

2. A epígrafe relativa a valores distinguirá de forma separada os valores de débeda pública do Estado, valores negociables e demais instrumentos financeiros que sexan obxecto de negociación en mercados secundarios oficiais, outros mercados regulados e sistemas multilaterais de negociación, e os demais valores e títulos valores. Sobre estes deberase especificar o número de títulos a que se refire, o seu emisor, con expresión, se é o caso, do número de identificación fiscal, a clase, serie e numeración, ou referencia técnica ou de rexistro, se é o caso, o valor nominal unitario de cada un e, se se tratar de valores admitidos, a negociación en mercados secundarios oficiais, outros mercados regulados e sistemas multilaterais de negociación, a cotización media no último trimestre.

3. A epígrafe correspondente aos bens mobles depositados incluírá todos aqueles bens que non se deban incluír nas epígrafes de contas en efectivo ou depósitos de valores, e confeccionarase agrupando os bens por tipos ou categorías homoxéneas e con indicación dos datos suficientes para a correcta identificación e situación de cada un deles.

#### Artigo 3. *Comprobacións e notificacións.*

1. Para efectos de formular a declaración regulada nesta orde, a entidade realizará cantas actuacións sexan necesarias co fin de comprobar e garantir que non se realizou ningunha xestión que implique o exercicio do dereito de propiedade sobre os saldos, depósitos e bens mobles baixo a súa custodia.

Doutra banda, polo menos tres meses antes do transcurso do prazo sinalado no artigo 18 da lei, a entidade declarante deberalle formular unha notificación ao titular de saldos, depósitos ou bens mobles en presunción de abandono, á súa custa, mediante correo certificado ou medio análogo de custo non superior e equivalente eficacia, dirixido ao enderezo de que teña coñecemento a entidade declarante, en que se fará constar que non se realizou ningunha xestión sobre tales fondos, e o prazo restante para a súa incursión en abandono, todo iso co fin de que o titular poida reivindicar ante a entidade o seu dereito a dispoñer deles.

Non procederá efectuar a notificación citada cando o seu custo supere, previsiblemente, o importe dos fondos incursos en presunción de abandono.

2. A comunicación que realice a entidade declarante á Delegación de Economía e Facenda recollerá, respecto dos saldos, depósitos e bens sobre os que existise situación de abandono, a expresa mención de que os interesados non practicaron sobre eles xestión ningunha que

implique o exercicio do seu dereito de propiedade nun prazo de vinte anos, así como indicación de que se realizou a notificación previa segundo o sinalado no anterior parágrafo, ou dos motivos para a súa non práctica.

3. As entidades declarantes quedarán obrigadas a facilitarlles aos titulares dos fondos, ou aos seus habentes causa, se así o solicitasen, certificación de que aqueles se entregaron á Administración xeral do Estado, con indicación expresa da data da súa declaración, e da Delegación de Economía e Facenda ante a que se presentou.

#### Artigo 4. *Resolución.*

1. Á vista da declaración recibida e demais antecedentes que se xulgue necesario requirirille á entidade declarante, a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, ou o órgano en que delegue, adoptará a resolución que declarará, se procede, abandonados e incorporados ao patrimonio da Administración xeral do Estado os referidos saldos, depósitos ou bens mobles.

2. A resolución será obxecto de notificación á entidade declarante. Na dita notificación cursaranse as oportunas instrucións sobre as actuacións que aquela deba realizar respecto dos correspondentes saldos, depósitos ou bens mobles, que poderá incluír as seguintes:

a) O ingreso no Tesouro dos saldos e depósitos en metálico, e deberase remitir o xustificante correspondente á unidade que cursase a citada notificación.

b) O traspaso dos valores e demais instrumentos financeiros á conta de depósitos que designe a Administración xeral do Estado. O importe dos xuros e dividendos que proceder ingresarse no Tesouro, e deberase remitir o xustificante correspondente á unidade que cursase a citada notificación.

c) A entrega dos demais bens mobles declarados abandonados na unidade de Patrimonio do Estado da Delegación de Economía e Facenda que se designe.

#### Artigo 5. *Xestión, administración e explotación.*

A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado trasladaralle á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira os títulos de débeda do Estado, que procederá á súa cancelación.

Igualmente, corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a xestión, administración e explotación dos valores e demais instrumentos financeiros, e poderá dispoñer o seu alleamento polo procedemento que se considere máis axeitado, ou ben a súa destrución se careceren de valor ou o alleamento non for posible, salvo que se considere conveniente a súa conservación por motivos de interese histórico, documental ou análogo.

#### Artigo 6. *Sancións.*

De conformidade co disposto no número 1 do artigo 193 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, en relación co disposto no artigo segundo desta orde, o primeiro día para a imposición das sancións derivadas das infraccións graves por incumprimento do deber de comunicar a existencia de saldos e depósitos abandonados será o un de maio de cada exercicio.

#### Disposición adicional única. *Caixa Xeral de Depósitos.*

Os depósitos en presunción de abandono na Caixa Xeral de Depósitos e as súas sucursais rexeranse polo réxime previsto na súa normativa específica.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

As declaracións que se deban presentar no primeiro trimestre do ano 2009 efectuaranse con suxeición a esta norma, ben que se considerarán válidas as actuacións, previas á formulación das devanditas declaracións, practicadas con suxeición á normativa que se derroga por esta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

- a) Orde do Ministerio de Facenda, do 8 de xuño de 1968, pola que se coordina coa Lei e co Regulamento do patrimonio do Estado o disposto polo Real decreto lei do 24 de xaneiro de 1928, sobre saldos e depósitos abandonados.
- b) Orde do Ministerio de Facenda, do 13 de marzo de 1972, pola que se regula o procedemento de alleamento dos títulos valores que sexan de propiedade do Estado a consecuencia de expedientes de abandono.

c) Orde do Ministerio de Facenda, do 24 de abril de 1981, pola que se ditan normas sobre os títulos valores declarados abandonados, depositados en bancos, sociedades de crédito ou entidades financeiras, suxeitos ao sistema de «liquidación e compensación de operacións de bolsa e depósito de valores mobiliarios».

d) Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 30 de maio de 1984, pola que se modifica a do 13 de marzo de 1972, sobre o destino final dos títulos valores propiedade do Estado como consecuencia de abandono, carentes de valor efectivo.

e) Cantas disposicións de igual ou inferior rango relativas á materia incluída nesta orde se opoñan a esta.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de novembro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.